

FREYA RAE PABLO DALAMA MIGUI CARBALLIDO

EN CONCERTO



Dossier Informativo

RAE, DALAMA & CARBALLIDO

Dossier informativo - Concurso Runas 2025


O trío formado por Freya Rae (frauta traveseira, violín e whistles), Pablo Dalama (gaitas e whistles) e Migui Carballido (bouzouki e percusións) xorde do encontro de tres músicos cunha profunda conexión cas músicas populares. A súa proposta mestura sinxeleza e virtuosismo nun repertorio que bebe das tradicións galega e escocesa, mais que tamén incorpora composicións orixinais. Os seus dinámicos arranxos evidencian ante o público a complicidade musical entre os tres intérpretes, forxada durante anos no ambiente das sessions e foliadas, que conseguen trasladar aos seus concertos. Despois de actuar en distintos escenarios de Galicia e do Reino Unido, o proxecto preséntase como unha aposta fresca e potente no panorama folk actual, cun directo que conxuga emoción, enerxía e respecto polas raíces.



FREYA RAE




Freya Rae toca frauta traveseira, violín e whistles. Ao longo da súa traxectoria, gravou discos e fixo xiras polo Reino Unido e Europa cas bandas “Holiday Club”, “Birlinn Jiarg” e “Freya Rae and Louis Bingham”. O seu novo disco “Divergence” publicarase pronto, en xullo do 2025, e combina composicións propias de Freya, que beben da súa orixe escocesa, con instrumentos acústicos e efectos electrónicos.



PABLO DALAMA



Pablo Dalama, natural de Santiago de Compostela, leva máis de dúas décadas vinculado á música tradicional galega. Multiinstrumentista versátil (saxofón, gaita galega, small pipes, whistle e low whistle...), foi recoñecido en múltiples ocasións pola súa labor como gaiteiro, sendo gañador en catro edicións do prestixioso Concurso de Gaitas do País, en Ponteareas, coas formacións Laghareu e Efecto Polilla. Ao longo da súa carreira formou parte de bandas emblemáticas como Xochilmica e Os Cempés, coas que percorreu escenarios de diferentes partes do mundo.



MIGUI CARBALLIDO



Migui Carballido (bouzouki, percusión electrónica e bodhran) naceu no Carballiño, nunha familia de músicos. Comezou a estar en contacto coa música tradicional dende moi pequeno e iniciouse na batería á idade de cinco anos. Co paso dos anos foise interesando noutros instrumentos de corda e percusión, entre eles o bouzouki. Leva máis de vinte anos percorrendo escenarios e festivais de ámbito galego, nacional e internacional e na actualidade forma parte de diferentes proxectos como Maricarme, Zeltia Irevire ou Mäi.

